

# CELINA DA PIEDADE

TRADICIONAL PORTUGUESA

## ARTISTA/BANDA

Celina da Piedade é acordeonista, cantora, e compositora. Ten tres álbumes en solitario, *Em Casa* (Melopeia, 2012), *O Cante das Ervas* (Melopeia e Jardim da Boa Palavra, 2014) e *Sol* (Sons Vadios, 2016).

Comezou a estudar música con cinco anos e pouco despois xa actuaba en público. Estudou no Conservatório de Setúbal, licenciouse en Patrimonio Cultural e posgraduouse en Estudos de Música Popular. Colabora desde o 98 coa Associação PédeXumbo, e é presidenta honoraria (con ela editou *Caderno de Danças do Alentejo*). No ano de 2000 integra o Cinema Ensemble de Rodrigo Leão, e tamén compartiu escenario con Mayra Andrade, Uxia, Ludovico Einaudi, Gaiteiros de Lisboa, António Chainho, Samuel Úria...

## O ESPECTÁCULO

Celina da Piedade levou o seu acordeón e a súa voz por diferentes contextos, algures entre as formas e cores tradicionais, en viaxes pola memoria da música de raíz portuguesa e tamén por un sentir máis moderno e universalista. A súa música, chea de alma e personalidade, gaña moito coa súa formidable presenza no palco.

É das mellores representantes da música *alentejana* en diversos puntos do globo, incluíndo Alxeria, Brasil e toda a península. O seu é un espectáculo que emociona!



### FICHA ARTÍSTICA

Celina da Piedade: voz e acordeón  
Alex Gaspar: baixo eléctrico  
Mike Simões: bouzouki e cavaquinho  
Tania Lopes: batería tradicional e percusión  
Filipa Ribeiro: metalófono e coros  
João Eleutério: teclados (caixa de música)  
Duración: 75 minutos

[+ info](#) [▶ ver vídeo](#)